

**O MUNDO DE HOXE: O SOÑO EUROPEO NA ENCRUCILLADA**

Emilio PÉREZ TOURIÑO

Profesor Ad Honorem da Facultade de Económicas da USC

Cando a CEE daba os seus primeiros pasos -apenas discorrida unha década dende a sinatura do Tratado de Roma-, abría as súas portas en Santiago de Compostela a facultade de Económicas da universidade galega, de cuxa primeira promoción tiven a sorte e a satisfacción de formar parte. En España estabamos en plena ditadura, e Europa e o proxecto europeo representaban un ideal e a esperanza de liberdade e de modernidade para a mocidade daquela xeración.

Pero, a necesidade de abrir portas e fiestras a Europa era unha aspiración que viña de moi lonxe. Xa estaba contida naquela proclama reivindicativa da primeira asemblea de produtores agrarios: “queremos respirar o ar de Europa”, impulsada nos inicios do século dezanove por Joaquín Costa, aquele ilustre pensador social inspirador do Rexeneracionismo e autor de a obra “Oligarquía e caciquismo agrario”, que aprendemos a ler naqueles anos de facultade. Tamén estaba xa na idea de Ortega y Gasset sintetizada na súa memorable frase “España é o problema e Europa a solución”.

Pero o illamento e o ensimesmamento propios da España da Restauración Canovista, cos seus aranceis e políticas proteccionistas -sustentadas polos pactos entre os ferreiros vascos, o téxtil catalán e o latifundio castelán e andaluz-, chegarían ao paroxismo coa autarquía característica do rexime xurdido da rebelión militar de 1936. Pódese afirmar, pois, que a extraordinaria transcendencia - económica, social e política- da entrada de España na CEE, a súa dimensión histórica, explícase polo feito de que con ela se pon fin á frustración de séculos producida polo illamento e separación de Europa.

Dende a caída do Imperio Romano, Europa viviu sempre no medio do enfrontamento e da fragmentación de nacións, grupos étnicos e relixiosos. A relativa confianza e seguridade propios dos últimos anos do século dezanove en Europa, e o optimismo que caracteriza á primeira década do século vinte, coincidindo coa primeira onda globalizadora, co crecemento económico e do comercio -tal e como analiza maxistralmente Tony Judt na súa Historia de Europa-, non ían durar moito e ían suceder, en moi pouco tempo, aos peores acontecementos da historia da Europa moderna.

Coa primeira guerra mundial - que sumiu a Europa no desastre-, seguida dunha Depresión económica sen precedentes, os europeos viviron o dramático final do soño dunha Europa unida pola cultura e a arte en mans da intolerancia e dos nacionalismos expansivos. Un longo período que reflicte de xeito conmovedor unha das mellores obras do século vinte, “O mundo de onte” de Stefan Zweig. De certo, a perda dese equilibrio e seguridade por parte do mundo europeo, están na base psicolóxica das preocupacións da obra magna de Keynes, na que argumenta como os desequilibrios e os ciclos coas súas crises son consubstanciais ao mesmo sistema capitalista.

O auxe dos fascismos e do nazismo en 1933, o Holocausto, e finalmente a segunda guerra mundial, estiveron a piques de destruír o continente e deixaron unha Europa en ruínas, con millóns de mortos, derruída polas divisións e os enfrontamentos.

**Sobre a xénese da UE**

O que hoxe coñecemos como a UE é a resultante dun proceso histórico que ao longo de 60 anos, reforma ese continente azoutado polas guerras e pola autodestrución, a través da integración económica, para situalo definitivamente na senda da paz e da democracia. É case unha cláusula de estilo situar o comenzo da historia comunitaria coa sinatura do

Tratado de Roma de 1957, que implica a creación dunha Unión Aduaneira e de Libre Comercio, co seu precedente na Comunidade Europea do Carbón e o Aceiro.

Porén, coido que resulta revelador lembrar como naceron as ideas primixeneas – e o discurso político-, que levaron a algúns europeos lúcidos a corrixir a historia e a superar o seu fatalismo. Como recolle Enrique Barón no seu magnífico libro “Europa no amencer do Milenio”, en setembro de 1943 no máis fondo da segunda guerra mundial, escribía Jean Monnet dende Alxer: “os obxectivos a acadar son o establecemento en Europa do rexime democrático e a organización económica e política dunha ‘entidade europea’”. E continúa: “Non haberá paz en Europa se os Estados se reconstitúen sobre unha base de soberanía nacional, se se protexen de novo uns contra os outros. A súa prosperidade e desenvolvemento social son imposibles agás se os Estados de Europa se formen nunha federación ou unha “entidade europea” que os converta nunha entidade económica común...”. Robert Schuman, así mesmo, defendeu estes obxectivos con insuperable claridade diante do Consello de Europa: “Partimos moito máis de consideracións políticas ca económicas: desintoxicar as relacións entre Francia e Alemaña, garantir a paz, crear un clima de cooperación, era o noso obxectivo ante todo...”.

O primeiro gran debate público sobre o futuro de Europa, ocorreu no Congreso de Europa de Maio de 1948, celebrado na semiderruída cidade da Haia. Loxicamente producíronse intervencións moi dispares, pero non deixa de ser paradoxal lembrar a estas alturas, co Brexit en marcha, a posición do seu presidente de honra, o premier británico Winston Churchill, que tomou do devandito libro de Enrique Barón :“É imposible separar a economía e a defensa, da estrutura política xeral. A axuda mutua no campo económico e a defensa militar conxunta deben ir acompañadas, paso a paso, por unha política paralela de maior unidade política...”. Dise con verdade que isto implica algúns sacrificios ou a cesión de soberanía nacional, Prefiro miralo como a asunción gradual por todas as nacións afectadas por esa soberanía máis ampla, que é a única que pode protexer os seus costumes e características distintas e diversas”.

Porén, dende entón desenvolveuse un proceso de gradual intensificación da integración fundamentalmente económica, e con sucesivas ampliacións de tamaño da Unión. Así, a CEE nace como unha Unión Aduaneira con Libre Comercio entre os seus seis membros fundadores (Alemaña, Francia, Italia, Bélxica, Luxemburgo e os Países Baixos), e cunha primeira política común que é a Política Agraria. Progresivamente continuou estreitando lazos coa harmonización dos regulamentos económicos e a eliminación de atrancos fronteirizos, ata chegar ao establecemento do Mercado Único, coa liberdade de circulación de bens, servizos e factores.

Un Mercado Común do que xa formaban parte dende 1973 o Reino Unido, Irlanda e Dinamarca, e que se estende ata 12 membros coa entrada de Grecia en 1981, e de España e Portugal en 1986. Paulatinamente segue o desenvolvemento de distintas políticas comunitarias en diversos eidos, dende a Pesca ata o I+D, o Medio Ambiente, as Redes Europeas de Transporte e o Desenvolvemento Rexional, entre outras. E en Novembro de 1993 reconécese como Unión Europea, coa entrada en vigor do Tratado da Unión Europea (TUE), logo da súa ratificación polos doce estados membros. Austria, Finlandia e Suecia incorporáranse tres anos despois en 1995.

Para contrarrestar a inestabilidade e a volatilidade dos tipos de cambio, os membros da CEE crearon en Marzo de 1979 o Sistema Monetario Europeo (SME), coa participación de todos os Estados membros, agás a libra esterlina. O SME basébase en tres elementos específicos: unha moeda de referencia, o Ecu, uns tipos de cambio estables que podían fluctuar dentro dunha estreita banda, e un mecanismo de crédito mediante un fondo

conxunto.

O TUE xa contiña o deseño e as tres fases para a creación da Unión Económica e Monetaria (UEM). O que sería a discusión máis arriscada e controvertida foi a entrada en vigor da UEM en 1999, que implica un mercado único, cunha única moeda, o euro – que inicia a súa circulación en 2002-, e cunha política monetaria única. Pero sen ir acompañado das institucións políticas e económicas que o sustentasen no substancial significa a renuncia dos Estados da zona euro a fixar o tipo de cambio, ao manexo dos tipos de xuros e da política monetaria e á moetización das súas débedas. Así mesmo, e co obxectivo semi exclusivo de garantir a estabilidade de prezos, créase o Banco Central Europeo (BCE). A garantía da estabilidade macroeconómica da UEM baséase no cumprimento duns determinados criterios de disciplina fiscal por parte dos países membros, en relación co déficit, o endebedamento e a inflación. O marco político é o denominado Pacto de Estabilidade e Crecemento, obxectivo este último que resultou relegado na práctica.

Sobre o futuro do euro e a conveniencia da súa creación xa se xerou un importante debate entre destacados economistas da época, basicamente asociado ás dificultades potenciais derivadas das asimetrías entre as súas economías e a falta de instrumentos flexibles de resposta perante a previsible existencia de shocks asimétricos externos. Un debate, en boa medida, asentado na teoría das áreas monetarias óptimas desenvolvida por Robert Mundell nos anos cincuenta. Porén, primaría sobre calquera outro aspecto, a vontade política de avanzar na integración económica, e de ampliar progresivamente a Unión coa incorporación de novos países do Este de Europa, ata chegar aos 28 Estados que hoxe aínda a compoñen.

Na actualidade, malia as incertezas e os previsible efectos económicos negativos derivados do Brexit, a UE representa un espazo de estabilidade e seguridade, unha área de democracia, de cohesión social e de paz, como ningún outro espazo no mundo. En calquera caso, os graves efectos provocados pola crise, polas tensións asociadas coas presións inmigratorias, e polos problemas nas súas fronteiras orientais, constitúen serios desafíos e retos políticos que Europa deberá afrontar de inmediato.

#### A UE dende a óptica de Galicia

A UE constitúe o maior mercado único do mundo e o euro a segunda moeda máis utilizada. Representa un PIB do 22% do mundial, próximo ao dos Estados Unidos e moi superior ao da China cun 12,1%. É a área xeográfica con maior peso no comercio mundial, cun 13% do mesmo, xunto a EE.UU. e China. E a terceira en canto a poboación, cun 6% do total, detrás da China e a India.

Para Galicia e para España no seu conxunto, a súa contribución ao crecemento e transformación da súa economía e da súa sociedade foron decisivos. Sobre todo, actuou de catalizador das reformas modernizadoras da súa economía, contribuindo a superar as rixideces que historicamente a limitaban. En resumo, deixou atrás 150 anos de illamento político, de autoritarismo, de atraso económico e de proteccionismo.

Dende a década dos anos 80 do século pasado ata hoxe, a economía galega coñeceu unha fonda reestruturación sectorial, un importante incremento do stock de capital público e privado, e unha substancial mellora dos niveis de formación e do capital tecnolóxico e empresarial. Galicia coñeceu, malia que con atraso e déficits estruturais relevantes, os cambios e transformacións modernizadoras propias dunha rexión europea.

Neste período, Galicia incrementa o tamaño da súa economía por 5, o da súa renda por habitante por 5,4 e prodúcese un notable proceso de converxencia real de Galicia con

España, pasando de representar en 1985 o 79% do seu PIB per cápita ao 87.7% en 2015. Unha converxencia certamente “pasiva”, baseada sobre todo na diminución da poboación, agás no cuadrinio 2005-2009 no que crece máis cá en España. Unha converxencia que é maior en termos de renda dispoñible, e sitúase en torno ao 90%, por mor das transferencias gobernamentais. Este achegamento de rendas tamén se produce en relación con Europa. Dende a entrada na CEE, Galicia pasa de estar por debaixo do 75% da renda media comunitaria, a acadar o 89% da mesma en 2009, para logo desacelerar durante a crise.

A este proceso de cambio e de modernización, sen dúbida, contribuíron as políticas públicas propias do Estado de Benestar e o esforzo investidor do Estado, o desenvolvemento autonómico, e tamén- de forma significativa- os fondos europeos (FEDER, FSE, os de Cohesión e os sectoriais). En efecto, o financiamento procedente dos mesmos, dende 1986 ata 2015, representa un volume de recursos equivalente a dous orzamentos da Xunta de Galicia do ano 2005. Galicia é a segunda Comunidade Autónoma de España que recibe máis financiamento europeo, e pódese afirmar que, aproximadamente, un 55% do investimento en infraestruturas neste período foi financiado con fondos europeos.

A meirande parte das análises realizadas, utilizando as Táboas Input-Output e distintos modelos econométricos, por autores como Ángel de la Fuente, Armesto Pina, entre outros, coinciden en estimar efectos considerables dos devanditos fondos sobre o output e o emprego xerados pola economía galega. De certo, dende unha análise máis cualitativa, tamén existe unha ampla coincidencia en sinalar que unha escasa priorización na distribución destes fondos, con respecto a necesidades estratéxicas para o desenvolvemento económico en beneficio dunha política de “choiva fina” sobre o territorio, sen dúbida, limitou unha maior eficacia da súa aplicación.

A incorporación á UE fixo posible unha inserción da economía galega nos mercados internacionais e, en particular no europeo. O grao de apertura comercial de Galicia ao exterior é moi elevado -dobra á media do Estado-, e amosa un crecemento sostido, de feito pasou, entre 1985 e 2015, do 0.21 ao 0.61, Trátase dun comportamento moi favorable do noso comercio exterior, apoiado nun gran crecemento tanto das exportacións como das importacións. Así, as exportacións durante este período multiplícanse por 14, e pasan de representar un 7% do PIB galego ao 33.8%, e a taxa de cobertura das exportacións con respecto ás importacións mellorou notoriamente, ao ascender dun 52% ao 125%.

A UE converteuse no principal socio das nosas relacións comerciais, de xeito que constitúe o destino do 74.5% do valor das nosas exportacións e dun 60% das importacións. A excesiva concentración das nosas exportacións, tanto a xeográfica -cun gran peso de Francia, Portugal e Italia-, como a sectorial- excesivamente dependente do téxtil e o automóbil-, apuntan a algunhas das nosas debilidades xunto co baixo compoñente tecnolóxico de boa parte das mesmas.

Nunha análise máis detallada, habería que entrar a valorar os impactos que a entrada na CEE tivo nalgúns dos sectores da nosa economía, principalmente sobre a agricultura, a pesca e o naval, dos que tradicionalmente se destacaron algúns efectos negativos, ben polas limitacións que se lle impuxeron ás nosas producións ou no acceso a algunhas áreas. Sendo isto certo, estimo que as dificultades para competir axeitadamente nun mercado, agora moito máis amplo, tiveron máis relación cos nosos déficits estruturais, agás as restricións ao sector naval.

Dadas as limitacións de tempo, farei referencia unicamente ao sector lácteo, tanto pola súa especial relevancia como por ser un caso paradigmático do que veño de afirmar. En efecto,

España entra en 1986 na CEE no momento en que por mor da acumulación de excedentes insostibles no sector lácteo europeo, acórdase a introdución dun sistema de cotas á produción. En Galicia, prodúcense importantes mobilizacións de protesta e pénsase por boa parte dos analistas – singularmente dende posicións nacionalistas e antiintegración europea- , que aquela política ía danar moi gravemente ao frear a expansión dun sector, que era o sustento da nosa economía agraria. Co atraso con respecto ao que xa ocorrera na meirande parte das rexións europeas, Galicia coñece nestes anos unha tardía e intensa desagrarización, dunha agricultura que aportaba en 1986 o 10% do PIB galego e o 40% do emprego, a tan só representar o 3.3% do PIB e un 4,5% do emprego en 2015, aínda así, valores relativamente altos no contexto europeo. Esta fonda transformación, leva un fortísimo axuste demográfico e do número de explotacións, asemade que se incrementa notoriamente o volume da produción agraria, a renda por ocupado e mellora substancialmente a produtividade.

Neste marco, hai lugar un forte dinamismo do sector lácteo- e da carne de vacún-, cun grande incremento da produción de leite, que se multiplica por 1.6 e máis que dobra o seu volume de entregas ás industrias. Galicia, neste período, fortalece a súa posición como primeira rexión produtora de España, con moita diferenza sobre as demais, pasando do 27% ao 38% da produción española de leite, e sitúase entre as dez primeiras rexións leiteiras europeas. Neste contexto de forte expansión da produción, o primeiro ano no que xa non se aplica o sistema de cotas, que foi o 2015, sáldase cunha perda de peso produtivo, tanto no Estado como a nivel europeo, invertindo a tendencia das tres últimas décadas.

Os nosos problemas máis relevantes non estaban nas cotas nin na UE, senón que derivaban e derivan, especialmente, dun moi deficiente funcionamento dos mecanismos de mobilidade das terras, por expresalo suavemente, que nos obrigou a un modelo produtivo moi intensivo en capital e tecnoloxía, pero cunha base territorial moi pequena, o que dificulta a capacidade competitiva das nosas explotacións e da rendibilidade das mesmas, xunto coa persistente debilidade da nosa agroindustria.

#### A encrucillada europea

A estas alturas da exposición tratarei de me aproximar brevemente a tres cuestións. En primeiro lugar, a que é o que nos identifica como europeos. En segundo lugar, a cal é a natureza política e institucional da UE, e, por último, a cales son as causas que explican a súa crise existencial máis fonda, a encrucillada histórica na que hoxe se atopa, cuestións todas elas entrelazadas, relevantes para o seu futuro e moi polémicas.

Non é algo sinxelo nin existe acordo sobre cal é a identidade europea. Máis aló dos valores civilizatorios, culturais e democráticos que compartimos os europeos, pero que tamén inspiran a outros espazos e países, coido que é a acumulación de valores comúns en todos e cada un dos estados membros, sobre o Welfare State ou Estado de Benestar, en resumo, o que se reconece como “modelo social europeo”, o que propiamente nos identifica como cidadáns europeos. É o modelo social europeo, ese modelo de organización da sociedade baseado na protección dos cidadáns dende o seu nacemento ata a vellez, mediante un conxunto de dereitos e as correspondentes políticas públicas, o que nos identifica e diferencia de calquera outra zona do mundo, independentemente das variacións que, sobre esta mesma base de valores e prácticas comúns, poidan existir entre os países que conforman a UE, en función das súas características nacionais.

Precisamente será a posta en cuestión deste modelo social, como consecuencia da crise e das respostas perante a mesma, a que vai poñer en risco a identidade da cidadanía europea, interpelar o senso da Unión e abrir unha crise de lexitimidade da mesma. Nesa

mesma dirección, de debilitar a cohesión europea, tamén operan as sucesivas ampliacións- aínda que existan outros elementos positivos que as xustifiquen-, cara países nos que a súa conformación histórica está relativamente afastada dese modelo de sociedade.

Por outra banda, resulta practicamente imposible identificar ou definir a natureza política-institucional da UE, por moito que pescudemos na historia política comparada ou na teoría política. Non estamos diante dun Estado, nin dunha Federación ou unha Confederación de Estados. Como dixo, con humor, Jacques Delors, “trátase dun obxecto político non identificado”, namentres que o que foi director da *New Left Review*, Perry Anderson constata que Europa “parece neste senso un obxecto case imposible” na súa obra “O novo vello mundo”. Trátase, en definitiva, dun marco institucional tan complexo como orixinal, que non replica ningún modelo. É unha entidade supranacional conformada polos estados membros, que comparten algúns eidos de soberanía moi determinados. Polo tanto, está sobmetida a unha dialéctica entre unha concepción federalista de Europa -claramente perdedora-, fronte a unha visión intergubernamental ou interestatal, que foi a hexemónica na construción da UE.

En todo caso, Europa hoxe xa non é o que era a finais do pasado século: un proxecto vivo, en construción dun poder político supraestatal e posnacional. A crise económica e financeira, a Gran Recesión, sacudiu os seus fundamentos, de xeito que debe arrostrar serios problemas. No plano interno a saída de Inglaterra da UE, abre a porta a un escenario de incertezas políticas e de dificultades económicas para Gran Bretaña e para o propio proxecto europeo que, por primeira vez, é abandonado voluntariamente por un país membro, algo que ata agora parecía impensable. Por outra banda, estase a producir un importante ascenso do euroescepticismo, e unha vertixinosa caída da confianza dos cidadáns na UE, tal e como acreditan os estudos de opinión. Destacaría, finalmente, as alarmas que se encenden ante o auxe de partidos antisistema, xenófobos e antieuropeos, que reciben importantes apoios electorais en distintos Estados membros. No ámbito exterior, os problemas non son menores. Reaparecen as tendencias illacionistas e proteccionistas baixo o impulso da administración Trump, a cuestión dos refuxiados e a inmigración tensiona e condiciona a axenda política da maioría dos países europeos, e a inestabilidade e incerteza nas fronteiras orientais con Ucraína e Turquía, non é precisamente un tema menor cara ao futuro da UE.

Os impactos do gran tsunami financeiro, que arriba ás costas europeas en 2008, terminaron por poñer en evidencia a fragilidade do deseño da UEM. No fundamental, os problemas da unión nacen de dúas causas: por unha banda, a insuficiente integración da eurozona, xunto coa súa incoherencia interna e, por outra, os efectos da estratexia da austeridade, en tanto que foi a única resposta de saída fronte á crise.

A ausencia de coherencia interna da eurozona -as asimetrías e diverxencias entre os países membros-, vén derivada dos desequilibrios nas súas balanzas de pagamentos e, polo tanto, expresa a división estrutural entre os países do Norte con superávit e os do Sur deficitarios. Como sinalei anteriormente, a teoría das áreas óptimas de Robert Mundell nos anos 60 xa establecera, que os beneficios e os custos dunha zona monetaria viñan explicados en función do seu grao de integración económica e dos mecanismos para corrixir as súas asimetrías. Nos anos 90, a escasa mobilidade laboral no seo da UE e a moi limitada integración fiscal da mesma, xa encenderan as alarmas dalgúns economistas. Pois ben, esta diverxencia estrutural de competitividade entre o Norte e o Sur atinxirá toda a súa gravidade, ante o choque asimétrico provocado pola Gran Recesión, que porá de manifesto os límites e insuficiencias da UEM.

Tradicionalmente, antes de compartir o euro, enfrontábamnos a situacións de grave deterioración da competitividade, recurrido á desvalorización da moeda. Unha medida sempre dolorosa porque implicaba un severo axuste de rendas, pero eficaz a curto prazo porque a alteración do tipo de cambio permitía restituír a competitividade perdida. Ademais de non ser desexable. Hoxe isto xa non é posible. A pertenza á zona euro implica, como é ben sabido, que renunciamos ao seu manexo. Cada país membro asume en soidade os riscos da súa participación.

Tal e como analiza brillantemente, Jean Pisany-Ferry no “Espertar dos Demonios”, o euro está orfo do proxecto europeo que lle daría sentido e é estéril porque non conseguiu avances significativos nesa dirección. Como reclamaba o sabio Nicolás de Oresme no século XV, “a moeda non é do príncipe senón da comunidade”. A cuestión, en efecto, é que a UE constitúe historicamente un caso único dunha moeda sen Estado, sen unha armazón institucional e política que a sosteña. Así, non conta cun orzamento europeo que posibilite transferencias aos países en situación de risco, cun Tesouro que permita algunha forma de mutualización das débedas, ou cun BCE que puidera actuar como o Banco de Xapón ou a Reserva Federal de EE.UU. En resumo, a UE non dispón do edificio político institucional necesario para actuar con mecanismos de solidariedade e de resposta compartida, perante as situacións de dificultade dos Estados membros como a que sufreron os impactos provocados pola crise.

Decía un principio da revolución norteamericana, “no tax without representation”. En efecto, sen avanzar na unión política nada fará posible que os impostos dun cidadán alemán avalen os depósitos dun aforrador español, e os impostos dun cidadán español avalen os dun grego ou un portugués. Sen o apoio político institucional imprescindible, a moeda pode durar décadas, pero finalmente correrá o risco de se desintegrar, como se desintegraría o dólar se os sudistas gañaran a guerra de Secesión, e a Federación non dispoñera de orzamentos, tesouro, capacidade de emitir débeda e Reserva Federal dende a Constitución, como intelixentemente deseñaron os federalistas norteamericanos.

En segundo lugar, por parte da UE perante a crise económico-financeira tan só se leva a cabo unha única resposta, a estratexia da austeridade, que somete aos países do sur europeo a unha dura desvalorización interna dos seus custos e a unha rixida consolidación fiscal. Unha estratexia que se apoia nun diagnóstico interesadamente errado: que a crise derivaba do recurso por parte destes Estados a un déficit e endebedamento insostibles. Consecuentemente, as medidas impostas pasan polo restablecemento do equilibrio nas súas contas públicas mediante duros axustes e programas de austeridade do gasto público. A evidencia achegada polos datos de España, Irlanda, ou da mesma Italia, desminten categoricamente estes supostos. En 2007, antes da crise, todos estes países tiñan superávit orzamentario e unha débeda pública baixa. A débeda e o déficit xustamente dispáranse cos efectos provocados sobre estas economías pola crise. A aplicación dos programas de austeridade provocou a deterioración do modelo social europeo: crecemento do paro e da precariedade laboral, incremento da desigualdade, recortes dos dereitos sociais.

O resultado do conxunto dos factores expostos foi a fragmentación política, económica e social no seo da UE. Dende a perspectiva territorial entre os países do Norte e os do Sur, politicamente entre debedores e acredores, economicamente entre os da zona euro e o resto, e dende o punto de vista social non só se acelerou o crecemento da desigualdade entre os Estados, senón que se agudiza no interior dos países membros, por certo que con España á cabeza do ránking.

Os efectos políticos e sociais son demoledores como poñen de manifesto todos os estudos de opinión, que constatan o crecemento espectacular da desafección e a desconfianza dos

cidadáns na UE, namentres que gañan peso o euroescepticismo e a eurofobia entre os electores dos distintos países membros. As primeiras consecuencias institucionais directas xa as temos co Brexit e a chegada ao goberno de Italia de partidos que responden a estas claves.

Pódese afirmar, sen medo a esaxerar, que a UE padece na actualidade unha crise de lexitimidade de difícil superación que, en definitiva, ten que ver coa perda dun valor esencial como é o da seguridade, paralelo ao crecemento do medo e a incerteza. Medo ao futuro, medo ao que é diferente, medo perante o risco do desemprego e á competencia dos outros. Deste xeito, ábrese o acubillo en amplos sectores da poboación de “utopías regresivas” que predicán a volta a un pasado inviable, a recuperar a identidade nacional perdida, ao proteccionismo e a moeda propia, ou a establecer muros e fronteiras, no seu caso.

Como se adoita dicir, como unha metáfora que comparto, a UE é unha especie ameazada: única, fráxil e valiosa, que de non existir hoxe, coa globalización, teríamos que creala. No mundo globalizado e interconectado de hoxe, as respostas aos problemas decisivos para a nosa convivencia como son a desigualdade, o desemprego e a deslocalización industrial, o regulamento dos mercados financeiros e dos paraísos fiscais, a dependencia enerxética, o cambio climático, ou a inmigración e a mestizaxe cultural, entre outros, non se poden afrontar satisfactoriamente tan só no marco do Estado-nación. Precisamente un Estado nacional cada vez máis limitado na mundialización, e cando se redefiniu completamente o concepto de soberanía.

As respostas aos problemas máis relevantes da cidadanía europea hoxe terán que ser como mínimo europeas ou non teremos respostas. Recuperar a soberanía perdida fronte aos mercados débese facer a través dunha mellor UE. Unha unión, que conforme a U. Beck, debe ser unha póliza de seguro na globalización. Para isto, é preciso aumentar a densidade democrática da UE, establecer un novo contrato social que permita recuperar as raíces do modelo social europeo, e camiñar cara á transnacionalización de boa parte das políticas europeas.

Necesítase recuperar a confianza cidadá na UE e, polo tanto, institucións plenamente democráticas que a lexitimen e incentiven o tránsito cara unha cidadanía activa en Europa. Institucións democráticas máis fortes, baixo os principios de representatividade e de responsabilidade, e cun executivo capaz de actuar como tal.

No eido económico, é preciso avanzar cara un orzamento comunitario que poida subministrar bens públicos europeos e atender transferencias cara os países en dificultades, un Tesouro europeo coa capacidade de emitir débeda mutualizada -con algunha forma de eurobonos no seu día-, e unha unión bancaria que inclúa mecanismos de resolución da crise, de supervisión única, e dunha garantía de xestión dos depósitos. Necesariamente isto implicará maior capacidade de control e fiscalización por parte do parlamento e do executivo europeo, o que supón a capacidade política de avanzar na cesión de soberanía por parte de alomenos un número relevante de países membros, como reclamaba Winston Churchill hai 70 anos.

O dilema de fondo que hoxe se nos presenta como europeos é o de avanzar gradualmente na integración, ou recuar polo camiño do declive e a fragmentación de Europa.